

**II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES  
ENTRE MULLERES E HOMES DE BAIONA**

**(2008-2010)**

## ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	3
II. CARACTERÍSTICAS DO PLAN.....	6
III. METODOLOXIA.....	12
IV. EIXOS DE ACTUACIÓN.....	15
1. Eixo de actuación: Participación Social, Económica e Empoderamento	
2. Eixo de actuación: Difusión, Sensibilización e Formación en Igualdade de Oportunidades.	
3. Eixo de actuación: Recursos para a Igualdade o Benestar e a Conciliación da vida laboral, familiar e persoal	
4. Eixo de actuación: Violencia de Xénero e Muller	
V. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO.....	40
VI. CRONOGRAMA.....	43
VII. BIBLIOGRAFÍA.....	51
VIII. ANEXOS.....	54
- Ficha de Seguimento e Avaliación	

## I. INTRODUCCIÓN

A pesar dos avances experimentados nas últimas décadas relacionados co recoñecemento social da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, un dos obstáculos que con maior forza se opón ao pleno desenvolvemento das persoas é a existencia de desigualdades de xénero en todos os espazos e tempos que compartimos no ámbito privado, no doméstico e no público.

Esta desigualdade non solo se manifesta en termos de condicións obxectivas como o desemprego, condicións laborais, falta de poder económico, invisibilidade pública, desigual participación nas tarefas do fogar...etc. Tamén en termos de sistemas e relacións de poder, hábitos e comportamentos, administración e distribución de tempos, de oportunidades, construcións das identidades baseadas na supremacía dun sexo -o masculino- e a subordinación doutro, -o feminino-. Para erradicar esta desigualdade, requírese dun cambio de mentalidade, modificando actitudes, comportamentos e estruturas sociais. Co fin de contribuír a facer efectiva esa igualdade é polo que se formula o presente Plan de Igualdade de Oportunidades.

Os plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nacen co obxectivo de resolver os obstáculos que impiden ou dificultan a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, converténdose nun instrumento enfocado a establecer as bases para transformar as estruturas e resolver os atrancos que manteñen situacións de discriminación. Ao mesmo tempo son un compromiso institucional de previsión e coordinación dun conxunto de accións que teñen como obxectivo promover as condicións para a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O papel da Administración local en materia de igualdade de oportunidades é fundamental por ser a máis próxima á poboación, permitindo observar e identificar as carencias e necesidades existentes nas distintas áreas e intervir sobre elas.

O Concello de Baiona, unha vez máis, volve a adquirir o compromiso coas políticas de igualdade a través dun documento consensuado con todos e todas as axentes sociais do municipio, que concreta para un tempo determinado as políticas locais de igualdade, iniciando un novo proceso de traballo, así como proporcionando os recursos económicos e humanos necesarios para levalo a cabo.

O II Plan introduce unha novidade con respecto ó anterior, o **mainstreaming de xénero** como estratexia de intervención, nesta formulación establécense medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades cun enfoque transversal que atinxe a todos os ámbitos coa finalidade de introducir a perspectiva de xénero en todas as políticas municipais.

Temos por tanto, un novo reto por diante que é o de provocar cambios na nosa realidade que contribúan a mellorar a situación de mulleres e homes do municipio, deste xeito, este Plan na súa elaboración e no seu proceso de execución convertese nun instrumento transversal que implica a todas as áreas do Concello, tendo á Concellería de Igualdade de Xénero como referente de desenvolvemento do mesmo.

## II. CARACTERÍSTICAS DO PLAN

O presente Plan é un documento de traballo que recolle unha serie de actuacións que en materia de igualdade de oportunidades se leven a cabo no Concello de Baiona no período de vixencia do mesmo **2008-2010**. Nace coa pretensión de ser un documento aberto e flexible que permita integrar novas actuacións que sexan coherentes cos obxectivos formulados e que permitan en función dos cambios que poidan producirse na realidade do noso Concello, adaptarse ás novas esixencias e posibilidades de intervención.

A filosofía que inspira o II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes basease nas seguintes estratexias:

**O xénero**, entendido como a construción cultural do considerado propio de cada sexo. É unha dicotomía xerarquizada, unha relación social de poder na que o masculino está mellor valorado que o feminino e funciona como división básica da sociedade que ten unha serie de consecuencias negativas tanto para os homes como para as mulleres. Isto supón que a igualdade de xénero deixou de ser considerada como un principio que beneficia exclusivamente ás mulleres a ser un principio que beneficiará á sociedade no seu conxunto, xa que contribúe a resolver os desequilibrios estruturais existentes. Analizar a realidade desde este punto de vista, permítenos obter información sobre as relacións entre mulleres e homes no noso municipio.

**Mainstreaming de xénero**, que implica a (re) organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar por parte dos actores involucrados en ditos procesos, unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas<sup>1</sup>. Si entendemos que a desigualdade se manifesta e reproduce en todas as esferas é preciso incidir en todas elas, analizando os diferentes mecanismos perpetuadores da discriminación para deste xeito deseñar e executar actuacións que faciliten a transformación desde todas as áreas municipais. Trátase pois de impregnar, de tinguir o conxunto de políticas e programas coa mirada, perspectiva ou enfoque de xénero.

**O empoderamento**, como estratexia que propicia que as mulleres incrementen o seu poder mediante o acceso ao uso e control dos recursos materiais e simbólicos, gañen influencia e participen no cambio social. Isto supón un proceso mediante o cal as mulleres teñen que tomar conciencia dos seus propios dereitos, capacidades e intereses e de cómo estes se relacionan cos intereses dos demais, coa finalidade de participar desde unha posición máis sólida na toma de decisións para estar en condicións de influír nelas.

---

<sup>1</sup> Consejo de Europa 1998

O Plan estruturase en **catro eixos de actuacións** que engloban a política de igualdade de oportunidades no municipio e que se concretan en:

1. Eixo de actuación: Participación Social, Económica e Empoderamento
2. Eixo de actuación: Difusión, Sensibilización e Formación en Igualdade de Oportunidades.
3. Eixo de actuación: Recursos para a Igualdade o Benestar e a Conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
4. Eixo de actuación: Violencia de Xénero e Muller

#### **Eixo de actuación 1: Participación Social, Económica e Empoderamento.**

Contempla obxectivos e actuacións dirixidas a fomentar e dinamizar o movemento asociativo de mulleres, promover a participación das mulleres do municipio en actividades informativas e formativas como medio para acadar o seu empoderamento así como a fomentar a súa inserción laboral.

#### **Eixo de actuación 2: Difusión, Sensibilización e Formación en Igualdade de Oportunidades**

Os obxectivos e actuacións deseñadas neste eixo están dirixidas a propiciar a inclusión da perspectiva de xénero na Administración Local, a sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia de promover a igualdade entre nenas e nenos así como sensibilizar sobre a importancia do reparto equitativo das tarefas domésticas entre homes e mulleres.

#### **Eixo de actuación 3: Recursos para a Igualdade, Benestar e Conciliación da vida laboral, familiar e persoal**

Os obxectivos e actuacións deseñados neste eixo contemplan a creación, ampliación e mellora de recursos e servizos que faciliten a igualdade e a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, así como mellorar a calidade de vida das mulleres mediante actividades informativas e formativas que contribúan a súa saúde física e psíquica.

#### **Eixo de actuación 4: Violencia de xénero e muller**

Os obxectivos e actuacións deseñados para este eixo están dirixidos a promover medidas de sensibilización e prevención da violencia de xénero e a mellorar a atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.



Para a elaboración do II Plan de Igualdade de Oportunidades levouse a cabo un proceso participativo no que se tentou involucrar o maior número de axentes sociais, para elo, realizáronse reunións periódicas co movemento asociativo, a comunidade educativa, o persoal técnico e político, o persoal sanitario e a cidadanía en xeral. Mediante este proceso participativo os e as distintas axentes sociais puideron realizar propostas que consideraban fundamentais para implementar a igualdade de oportunidades no municipio.

Ademais do proceso antes mencionado tivéronse en conta os resultados do informe de avaliación do I Plan, ditos resultados servíronos para observar os ámbitos de maior e menor dificultade no grao de cumprimento das actuacións e promover novas formas de intervención coa finalidade de mellorar. Este informe perfilou o camiño a seguir no modelo de intervención para o II Plan. Algunhas das recomendacións do informe de avaliación foi a necesidade de intervir prioritariamente nas áreas de Administración Pública e Educación, xa que presentaban un menor grao de consecución en comparación coas outras áreas. Neste sentido, no eixo de actuación de Difusión, Sensibilización e Formación en Igualdade de Oportunidades deseñáronse unha serie de actuacións dirixidas a sensibilizar e formar ao persoal técnico e político en materia de igualdade de oportunidades de xeito que a Administración municipal sexa un exemplo e unha referencia na aplicación do principio de igualdade de oportunidades.

Seguindo tamén as recomendacións do informe de avaliación fixemos especial fincapé en deseñar actuacións de sensibilización e formación dirixidas á comunidade educativa sobre a importancia de educar en igualdade a nenas e nenos erradicando os estereotipos de xénero tan vixentes aínda hoxe en día na nosa sociedade.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente, os eixos de actuación propostos pretenden dar resposta ás necesidades detectadas e ás demandas expresadas, e ao mesmo tempo dar continuidade a actuacións xa emprendidas, algunhas delas de carácter periódico e outras porque o obxectivo marcado para ditas actuacións aínda está por acadar. O presente documento é polo tanto o resultado de todo este proceso.

Por último sinalar que os obxectivos e actuacións contempladas no Plan enmárcanse nas normativas e recomendacións existentes en materia de igualdade de oportunidades ditadas tanto por Organismos Internacionais, Europeos, Estatais, Autonómicos e Locais. A continuación expoñemos algunhas delas:

A nivel Internacional:

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948
- Declaración sobre a Discriminación contra as Mulleres. 1967
- Convención sobre a Eliminación de todas as formas de discriminación contra a Muller (CEDAW) 1979.
- Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
- IV Conferencia Mundial da Mulleres de Beijing 1995
- Declaración do Milenio

A nivel Europeo:

- Tratado de Amsterdam 1997
- Programas de Acción Comunitaria para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
- Recomendacións do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia.
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes sobre o acceso emprego, á formación , a promoción profesional e as condicións de traballo.
- Resolución 2003/C 260/03 Do Consello, sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular mulleres.
- Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida Local
- Directiva 2006-54 CE sobre a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.
- Plan de Traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010).
- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a igualdade entre mulleres e homes 2007.
- Programa Comunitario de Fomento do Emprego e da Solidariedade Social (PROGRESS) 2007-2010.

A nivel estatal:

- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011)
- Lei 27/2003 do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia de xénero
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.

- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.
- Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero (2007-2009).
- Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a Igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A nivel autonómico:

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza.
- Plan de Fomento da Corresponsabilidade.2007.
- V Plan do Goberno Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes (2007-2010).

A nivel local:

- Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (1985)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Baiona (2005-2006)
- Informe de avaliación: I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Baiona.

### III. METODOLOGÍA

A elaboración do II Plan de Igualdade Oportunidades levouse a cabo mediante unha metodoloxía participativa que foi realizada nas seguintes fases:

**Na primeira fase** realizase unha reunión co persoal técnico e político da Concellería de Igualdade de Xénero coa finalidade de definir e establecer os pasos a seguir para a elaboración do plan. A pretensión é a consecución dun Plan de Igualdade desde a implicación e reflexión da cidadanía e do persoal técnico e político do municipio, onde a participación resulta imprescindible nun proceso no que o coñecemento do territorio e a integración das súas achegas permiten a construción conxunta dun documento elaborado desde e para a realidade do municipio que recollerá ás necesidades e inquietudes de todas e todos.

**Na segunda fase** realizase a recollida, estudo e investigación da documentación existente en materia de igualdade de oportunidades. Como punto de partida para realizar a investigación e estudo da documentación, tomouse como referencia o informe de avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades de Baiona. Ao mesmo tempo, realizase a recollida e análise da documentación sobre a normativa existente tanto a nivel internacional, europeo, estatal, autonómico e local en materia de igualdade de oportunidades, así como outros plans de igualdade. Consultáronse e analizáronse tamén datos de tipo cualitativo e cuantitativo de estudos sobre a situación de mulleres e homes en Galicia e un diagnóstico sobre a situación de mulleres e homes en Baiona.

**A terceira fase** consistiu na difusión á cidadanía do proceso de elaboración do II Plan de Igualdade de Oportunidades. Con este obxectivo, e promovido pola Concellería de Igualdade de xénero, os medios de comunicación fixéronse eco deste novo reto facendo un chamamento á poboación para a súa implicación e participación na súa elaboración.

**Na cuarta fase** púxose en marcha un **proceso participativo** mediante reunións de traballo con representantes do movemento asociativo de mulleres, das Asociacións de Nais e Pais, do profesorado dos Centros escolares e co representante do Centro de Saúde.

Nunha primeira sesión reuníronse as representantes das asociacións de mulleres e as ANPAS co equipo de elaboración do plan. Nesta sesión impartíuse unha breve formación básica en materia de xénero e igualdade, como estratexia facilitadora da súa participación. A continuación as participantes formularon as necesidades e inquietudes que consideraban fundamentais incluír no novo plan de igualdade.

Despois dun traballo de recollida e sistematización da información obtida nesta sesión, son convocadas a unha segunda na que se comeza pola exposición das achegas enunciadas en actuacións, seguido do seu debate e incorporación de novas medidas. Para finalizar este proceso, realizase unha terceira sesión de traballo na que se lles entrega un documento coa formulación de todas as achegas feitas.

Paralelamente, realizáronse tamén sesións de traballo con representantes do profesorado dos Centros escolares da localidade para recoller as súas achegas ao plan. Coa finalidade de facer o proceso máis participativo e a fin de incluír o maior número de achegas posibles, adminístrouse un cuestionario ao profesorado solicitando a súa opinión sobre as necesidades e problemas detectados no ámbito educativo con respecto á igualdade de oportunidades e cales poderían abordarse desde o plan para corrixilas. Todas as achegas realizadas foron recollidas, sistematizadas e incluídas no Plan.

Ao mesmo tempo mantívose unha reunión co representante do Centro de Saúde da localidade para darlle a coñecer as actuacións deseñadas, a posibilidade de facer novas achegas, así como, solicitarlle o seu apoio e colaboración na súa implementación.

Posteriormente, o documento resultante con todas as achegas feitas polos distintos grupos de traballo, é distribuído entre o persoal político para que realicen as achegas que consideren oportunas.

**A quinta fase** é a elaboración do Plan, unha vez rematado todo o proceso de recollida de achegas e organizada toda a información, deséñase a súa estrutura en torno a catro eixos de actuación, elaborase o sistema de indicadores e os organismos responsables e colaboradores. A continuación, presentase o borrador do Plan á responsable política e técnica da Concellería de Igualdade de Xénero para recoller as súas suxestións finais.

Por último a **sexta fase** foi a redacción definitiva do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes de Baiona (2008-2010).

## IV. EIXOS DE ACTUACIÓN

# 1. PARTICIPACIÓN SOCIAL, ECONÓMICA E EMPODERAMIENTO



Impulsar e aumentar a participación social das mulleres como axentes sociais de cambio é un dos obxectivos prioritarios deste II Plan de Igualdade de Oportunidades. Unha das estratexias fundamentais para acadar este obxectivo é o empoderamento, entendido como un proceso de toma de conciencia do poder individual e colectivo das mulleres que lles permite aumentar a súa participación nos procesos de toma de decisións, no acceso ao exercicio de poder e a capacidade de exercer influencia. Este empoderamento, conleva que as mulleres poidan acceder ao dereito a tomar decisións sobre a súa propia vida para poder transformar o seu entorno.

Neste sentido, as asociacións de mulleres son unha plataforma idónea para propiciar estas transformacións, xa que constitúen un lugar privilexiado para o proceso de empoderamento das mulleres que as compoñen, e son un instrumento clave para a incidencia social e política na consecución dunha igualdade real de mulleres e homes.

Para contribuír á igualdade real entre mulleres e homes na vida económica, pretendese promover a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas de emprego así como dar prioridade a aspectos formativos e informativos e de asesoramento profesional como vía para fomentar, incrementar e mellorar a presenza das mulleres no mercado laboral.

Os obxectivos e actuacións que se propoñen neste eixo de actuación teñen como finalidade impulsar e fomentar o asociacionismo feminino no Concello de Baiona; promover a participación das mulleres na vida social e económica; e, fomentar o seu empoderamento.

### Obxectivo 1.1

**Fomentar, apoiar e dinamizar o movemento asociativo de mulleres, aumentando a súa participación como axentes sociais de cambio.**

#### Actuacións:

**1.1.1. Creación e consolidación dunha Comisión de Seguimento integrada por representantes das asociacións do municipio coa finalidade de velar por que se cumpran as actuacións deseñadas neste Plan.**

#### Indicadores:

- Nº de reunións para a creación da Comisión de Seguimento
- Nº de mulleres e homes participantes en ditas reunións
- Nº e natureza das asociacións participantes nesas reunións
- Nº de mulleres e homes que participan na Comisión de Seguimento
- Nº e natureza das asociacións participantes na Comisión
- Nº de reunións da Comisión
- Asistencia desagregada por sexo ás reunións
- Asistencia de asociacións ás reunións
- Nº de medidas adoptadas

#### Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Asociacións

1.1.2. Continuar colaborando co movemento asociativo de mulleres, proporcionándolles apoio e asesoramento técnico para facilitar a mellora da súa organización, xestión e administración.

Indicadores:

- Nº de reunións de apoio e asesoramento técnico
- Nº de asociacións e natureza que demandan asesoramento técnico.

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Asociacións

1.1.3. Manter a colaboración existente coas asociacións nas actividades culturais e comunitarias que se leven a cabo no municipio.

Indicadores:

- Nº de actividades culturais e comunitarias nas que se colabora
- Nº de asociacións coas que se colabora
- Natureza das asociacións

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Asociacións

1.1.4. Continuar co establecemento dunha liña anual de subvencións municipais para as asociacións de mulleres.

Indicadores:

- Nº de subvencións ofertadas
- Natureza das subvencións
- Nº de asociacións subvencionadas

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Concellería de Participación Cidadá
- Asociacións municipais

## Obxectivo 1. 2.

Promover a participación das mulleres do municipio en actividades informativas e formativas como canle para acadar o seu empoderamento

1.2.1. Continuar co establecemento dunha programación continua de actividades culturais, obradoiros e charlas formativas que propicien o empoderamento social e psicolóxico das mulleres.

Indicadores:

- Nº de actividades culturais programadas
- Nº de obradoiros programados
- Nº de charlas formativas programadas
- Nº de actividades culturais realizadas
- Nº de obradoiros realizados
- Nº de charlas formativas realizadas

- Nº e perfil de mulleres participantes en actividades culturais
- Nº e perfil de homes participantes en actividades culturais
- Nº e perfil de mulleres participantes en obradoiros
- Nº e perfil de homes participantes en obradoiros
- Nº e perfil de mulleres participantes en charlas formativas
- Nº e perfil de homes participantes en charlas formativas
- Grao de satisfacción das mulleres participantes en actividades culturais
- Grao de satisfacción dos homes participantes en actividades culturais
- Grao de satisfacción das mulleres participantes en obradoiros
- Grao de satisfacción dos homes participantes en obradoiros
- Grao de satisfacción das mulleres participantes en charlas formativas
- Grao de satisfacción dos homes participantes en charlas formativas

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Centro de Información á Muller
- Concellería de Servizos Sociais

### 1.2.2.Organización de talleres de autodefensa persoal dirixidos ás mulleres.

Indicadores:

- Nº de talleres organizados
- Nº de talleres realizados
- Nº e perfil de mulleres participantes
- Grao de satisfacción das participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Centro de Información á Muller

### 1.2.3.Continuar coa conmemoración do 8 de marzo como Día Internacional da Muller con actividades programadas dirixidas á poboación en xeral.

Indicadores:

- Nº de actividades programadas
- Nº de actividades realizadas
- Nº e perfil de mulleres participantes
- Nº e perfil de homes participantes
- Grao de satisfacción das mulleres participantes
- Grao de satisfacción dos homes participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero

### 1.2.4.Realización dunha Marcha pola Igualdade de carácter anual.

Indicadores:

- Nº e perfil de mulleres participantes
- Nº e perfil de homes participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Concellería de Deportes

1.2.5. Establecemento dunha programación estable de cursos sobre novas tecnoloxías da información e da comunicación dirixida ás mulleres do municipio.

Indicadores:

- Nº de cursos programados
- Nº de cursos realizados
- Nº e perfil de mulleres participantes
- Grao de satisfacción das participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero

### Obxectivo 1. 3

Favorecer e mellorar a inserción laboral das mulleres a través da formación, proporcionando recursos que faciliten o seu acceso a dita formación.

1.3.1. Realización de cursos de formación ocupacional axustados ás demandas de empregabilidade do municipio.

Indicadores:

- Natureza das demandas de empregabilidade
- Natureza dos cursos de formación ocupacional
- Nº de cursos realizados
- Nº e perfil das mulleres participantes
- Grao de satisfacción das participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Servizo de Orientación Laboral
- Técnico Municipal de Emprego

1.3.2. Mantemento do Servizo de Orientación Laboral- Busca de Emprego dirixido ás mulleres da localidade.

Indicadores:

- Nº e perfil de mulleres que utilizan o Servizo
- Nº de consultas realizadas
- Natureza das demandas
- Grao de satisfacción das usuarias co Servizo

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Centro de Información á Muller

1.3.3. Realización dunha campaña de sensibilización e divulgación entre o tecido empresarial do municipio para informar sobre os beneficios da contratación de mulleres, especialmente en sectores que están pouco representadas, a fin de promover a súa contratación.

Indicadores:

- Nº de contactos co tecido empresarial
- Nº de accións informativas
- Nº de contratos

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Tecido empresarial

## 2. DIFUSIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un instrumento imprescindible para corrixir as desigualdades sociais e as barreiras e discriminacións existentes entre mulleres e homes e ao mesmo tempo constitúe unha garantía de que ambos poidan participar nas diferentes esferas e actividades sobre bases de igualdade e equidade. Para elo é fundamental realizar medidas concretas de difusión, sensibilización e formación entre a poboación que permitan corrixir esas discriminacións resultantes de prácticas sociais moi arraigadas.

Neste sentido, a Administración Local ten a posibilidade de ser un modelo de referencia para outras entidades tanto públicas como privadas do municipio con respecto á igualdade de oportunidades de xeito que a súa organización e traballo sexa sensible ás diferenzas de xénero e adecuada ás necesidades de homes e mulleres. Tendo en conta isto é fundamental a sensibilización e formación do persoal técnico e político municipal en igualdade de oportunidades, a eliminación da linguaxe sexista dos seus documentos, así como, desagregar os datos por sexos como xeito de visibilizar e promover unha imaxe equilibrada de mulleres e homes do municipio.

Ao mesmo tempo, a comunidade educativa debe ter un papel fundamental na transmisión de valores, pautas, actitudes e comportamentos que afectan a toda a organización e vida das persoas. É imprescindible a transmisión por parte tanto do profesorado como das nais e pais de actitudes e valores baseados no principio de igualdade entre mulleres e homes como estratexia para eliminar as estruturas que manteñen e fomentan os estereotipos de xénero.

Os obxectivos e actuacións que se contemplan neste eixo están destinados a propiciar a inclusión da perspectiva de xénero na Administración Local; Sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia de educar en igualdade impulsando actividades de sensibilización/formación que fomenten a igualdade de oportunidades e a educación en valores.

## Obxectivo 2. 1

### Propiciar a inclusión da perspectiva de xénero na Administración Local

#### Actuacións:

2.1.1.Promover que se asigne de xeito equitativo a denominación de rúas, parques e centros públicos con nomes de mulleres relevantes, ou de oficios tradicionalmente realizados por mulleres da zona, a fin de visibilizar as súas achegas ao longo da historia.

#### Indicadores:

- Nº de rúas propostas
- Nº de rúas asignadas
- Nº de parques propostos
- Nº de parques asignados
- Nº de centros públicos propostos
- Nº de centros públicos asignados

#### Departamentos implicados:

- Todos Departamentos municipais

2.1.2. Introducción da variable sexo en todos os procedementos de recollida de información e en todas as bases de datos e estatísticas municipais.

#### Indicadores:

- Nº de procedementos nas que se inclúe a variable.
- Nº de bases de datos nas que se inclúe a variable
- Nº de estatísticas nas que inclúe a variable

#### Departamentos implicados:

- Todos Departamentos municipais

2.1.3. Introducción dos datos desagregados por sexo en todos os estudos que sexan realizados polo Concello coa finalidade de poder avanzar no coñecemento da situación da muller.

#### Indicadores:

- Nº de estudos que contemplan datos desagregados por sexo

#### Departamentos implicados:

- Todos departamentos municipais

2.1.4. Realización dunha xornada anual de sensibilización/formación específica en igualdade de oportunidades para o persoal municipal.

#### Indicadores:

- Nº e perfil das mulleres asistentes ás xornadas. Departamento ó que pertencen
- Nº e perfil dos homes asistentes ás xornadas. Departamento ó que pertencen
- Grao de satisfacción das mulleres asistentes
- Grao de satisfacción dos homes asistentes

#### Departamentos implicados:

- Todos os Departamentos municipais



2.1.5. Eliminación da linguaxe sexista nos formularios, circulares e documentos que xere o Concello.

Indicadores:

- Nº de formularios
- Nº de circulares
- Nº de documentos

Departamentos implicados:

- Todos os Departamentos municipais

Obxectivo 2.2.

Sensibilizar á comunidade educativa e as familias sobre a importancia de promover a igualdade na educación de nenas e nenos, así como facilitar ferramentas que contribúan a garantir a non discriminación sexista e favorezan o principio de igualdade de oportunidades.

2.2.1. Creación dun espazo na web da Concellería de Igualdade dirixido ao profesorado dos centros educativos onde se informe sobre material didáctico para traballar a igualdade, información sobre xornadas, cursos, e outros aspectos que poidan promocionar a igualdade nos centros educativos, incluíndo a perspectiva de xénero .

Indicadores:

- Creación Web
- Nº de materiais didácticos introducidos na Web
- Nº de xornadas introducidos na Web
- Nº de cursos introducidos na Web
- 

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino municipais

2.2.2. Recoller os datos desagregados por sexo nos rexistros, documentación, informes e memorias que se elaboren nos centros educativos.

Indicadores:

- Nº de rexistros desagregados por sexo
- Nº de documentación desagregadas por sexo
- Nº de informes desagregados por sexo
- Nº de memorias desagregadas por sexo

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino

2.2.3. Utilización dunha linguaxe non sexista nos documentos dos centros educativos.

Indicadores:

- Nº de documentos nos que se observa unha linguaxe non sexista

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino

2.2.4. Inclusión nas conmemoracións escolares que se realizan ao longo do curso académico das achegas realizadas polas mulleres en cada un dos temas ao que está dedicada dita conmemoración. (Dereitos Humanos, Paz, Medio ambiente, Libro, Saúde...)

Indicadores:

- Nº e natureza de conmemoracións escolares nas que se contempla as achegas realizadas polas mulleres

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino

2.2.5. Continuar coa figura da Axente del Igualdade de Oportunidades como promotora da igualdade de xénero na área educativa.

Indicadores:

- Nº e natureza das accións desenvolvidas pola axente de igualdade na área educativa
- Nº de centros educativos sobre os que se intervén

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros educativos

### Obxectivo 2. 3.

Impulsar unha programación estable que propicie a sensibilización e formación da comunidade educativa en materia de igualdade de oportunidades e educación en valores.

2.3.1. Establecemento ao inicio do curso dunha programación en colaboración coas ANPAS para o fomento da igualdade no ámbito familiar e a elaboración de alternativas á educación sexista tradicional mediante talleres de sensibilización/formación anuais.

Indicadores:

- Nº de contactos e reunións coas ANPAS para o establecemento da programación
- Nº e natureza de talleres programados
- Nº e natureza de talleres realizados
- Nº e perfil das mulleres asistentes
- Nº e perfil dos homes asistentes
- Grao de satisfacción das mulleres asistentes
- Grao de satisfacción dos homes asistentes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino
- ANPAS

2.3.2. Realización de talleres anuais dirixidos á mocidade sobre habilidades e relacións sociais destinados a favorecer a aprendizaxe de relacións respectuosas, a resolución pacífica dos conflitos, e a valoración da igualdade entre mulleres e homes.

Indicadores:

- Nº e natureza de talleres realizados
- Nº e perfil de mulleres asistentes
- Nº e perfil de homes asistentes
- Grao de satisfacción das mulleres asistentes
- Grao de satisfacción dos homes asistentes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino

2.3.3. Realización de programas anuais coa poboación adolescente con vistas a impulsar actitudes que promovan un reparto non estereotipado das tarefas domésticas e responsabilidades familiares.

Indicadores:

- Nº e natureza de programas realizados
- Nº e perfil das adolescentes asistentes
- Nº e perfil dos adolescentes asistentes
- Grao de satisfacción das participantes asistentes
- Grao de satisfacción dos participantes asistentes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de Xénero
- Centros de ensino

2.3.4. Realización dunha xornada informativa anual dirixida ao alumnado, que promova a diversificación de opcións profesionais sen condicionante de xénero e orientada a incorporarse nos Institutos de Ensino Secundario e Ciclos Formativos.

Indicadores:

- Nº e perfil de alumnas participantes na xornada
- Nº e perfil de alumnos participantes na xornada
- Grao de satisfacción de alumnas participantes
- Grao de satisfacción de alumnos participantes
- Eleccións profesionais das participantes antes da xornada informativa
- Eleccións profesionais dos participantes antes da xornada informativa
- Eleccións profesionais das participantes despois da xornada informativa
- Eleccións profesionais dos participantes despois da xornada informativa

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de ensino

2.3.5. Realización dunha campaña anual de sensibilización sobre o uso non sexista dos xogos e xoguetes.

Indicadores:

- Nº e natureza das actividades realizadas
- Nº e perfil das destinatarias da campaña
- Nº e perfil dos destinatarios da campaña

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Concellería de Educación
- Centros de ensino

2.3.6. Realización de obradoiros de formación en xénero e igualdade dirixidos ao profesorado.

Indicadores:

- Nº de obradoiros realizados
- Nº e perfil de mulleres participantes
- Nº e perfil de homes participantes
- Grao de satisfacción das mulleres participantes
- Grao de satisfacción dos homes participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Concellería de Educación
- Centros de ensino

2.3.7. Realización de talleres anuais para adolescentes en materia de educación sexual, anticoncepción, maternidade e paternidade responsable, interrupción voluntaria do embarazo, así como sensibilización sobre a liberdade de orientación sexual en colaboración cos centros educativos e sanitarios.

Indicadores:

- Nº de contactos e reunións cos centros educativos
- Nº de contactos e reunións cos centros sanitarios
- Nº e natureza dos talleres realizados
- Nº e perfil das adolescentes participantes
- Nº e perfil dos adolescentes participantes
- Grao de satisfacción das adolescentes participantes
- Grao de satisfacción dos adolescentes participantes
- Nº de centros educativos e sanitarios participantes
- Grao de satisfacción dos centros educativos e sanitarios participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Centros de Ensino
- Centro de Saúde

2.3.8. Mantemento e ampliación da realización de obradoiros de alfabetización de persoas adultas desde unha perspectiva de xénero en colaboración coa Concellería de Educación.

Indicadores:

- Nº de obradoiros de alfabetización realizados
- Nº de obradoiros de alfabetización incrementados
- Nº e perfil das mulleres participantes
- Nº e perfil dos homes participantes
- Grao de satisfacción das mulleres participantes
- Grao de satisfacción dos homes participantes

Departamentos implicados:

- Concellería de Igualdade de xénero
- Concellería de Educación
- Xunta de Galicia

#### Obxectivo 2.4.

Fomentar o reparto das tarefas e responsabilidades familiares entre mulleres e homes.

2.4.1. Realización dunha campaña de información e sensibilización, dirixida á poboación xeral sobre os beneficios do reparto equitativo das tarefas domésticas e a necesidade de conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

Indicadores:

- Nº e natureza das actividades realizadas
- Nº e perfil das destinatarias da campaña
- Nº e perfil dos destinatarios da campaña

